

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 7 DE XANEIRO DE 2020**

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 19.08 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

### **ASISTENTES:**

#### **Presidente:**

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

#### **Concelleiros/as:**

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).

Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

María Jesús García Souto (PP).

Ángel López Fidalgo (PP).

#### **Secretaria:**

Elena González López

## **ORDE DO DÍA**

### **PRIMEIRO.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN EXTRAORDINARIAS E ORDINARIAS DO PLENO DE 30.09.2019, 02.10.2019, 22.10.2019 E 17.12.2019.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde para preguntar se alguén querer facer algunha intervención ao respecto.

A Sra. García intervéen solicitando unha corrección na acta da sesión do 30.09.2019 no punto de Dación de conta de decretos de alcaldía, en relación coa pregunta feita a Secretaria-interventora co gallo do procedemento para selección do persoal temporal. Solicita que conste que o que ela dixo foi que "non é suficiente o chamamento ao servizo do INEM é necesario que se pulbicite a convocatoria a pesar de que

se trate de servizos temporais, así o di o informe emitido pola Deputación da Coruña e nese sentido é o reparo de secretaria”

Sometida a votación a corrección feita pola Sra. García, apróbase a dita corrección, quedando aprobada a dita acta máis as actas dos plenos do  
ler o contido do ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda do 5 de agosto de 2019, que transcrita literalmente di:

**SEGUNDO.- APROBACIÓN DA ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde que expón o contido da súa proposta que transcrita literalmente di:

*PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO PARA A ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP).*

**ANTECEDENTES**

*PRIMEIRO: A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao abeiro do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.*

*A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

*SEGUNDO: O Concello de Sobrado está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP.*

*En consecuencia, tendo en conta o disposto no artigo 228 da referida Lei 9/2017 e sendo de interese para esta Entidade a utilización da Central de Contratación da FEMP, PROPOÑO ao Pleno municipal adoptar o seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.*

*SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigas das Entidades Locais.*

*TERCEIRO.- Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos oportunos.*

O alcalde comenta que a súa proposta intenta negociar o custe do alumeadado, logo da negociación coas empresas que teñen contratos coa FEMP.

A Sra. García intervéñ para indicar que todo o que sexa bo o apoiará.

Sen máis intervencións sometes a votación a proposta que queda aprobada por unanimidade.

### **TERCEIRO.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA 309 A 409/2019.**

A Sra. García comeza realizando preguntas sobre os Decretos:

1. Pago a Jose A. López López por traballos en tajeas por 8.640 e outras facturas por importe de 7.000 € e pregunta cales son esas tajeas.

O Alcalde resposta que son unha en Lodeiro, Cumbraos e pensa que en Bidueiros outra e que son intervencións caras, que se trata de evitar a entrada de auga en fincas privadas e comprométese a desglosarllas.

A Sra. García pregunta por outra factura na que inclúen desprazamentos e dietas pero non sabe o constructor nin o importe cre que eran 1.000 € e pico.

O Alcalde contesta coida que se trata dunha factura de 1.700 € que se corresponden cunha actuación en Paraños que se fixo a apertura dunha pista para o paso de tractores na casa do abuelo do Marcelo.

2. Servizos de socorrismo.

A Sra. García pregunta se se contratou empresa e houbo algunha subvención.

O Alcalde contesta que se contratou empresa con subvención e tamén se contratou persoal.

Ademais aclara que se cobrou aos peregrinos 1 € (polo uso da piscina), había una tarxeta para os veciños que pedían entrar gratuitamente, que era para os veciños empadroados e que viven no concello e se pedía os primeiros días pero logo non foi precisa porque xa se coñecía aos usuarios.

3. Peche parcial das fincas do Milladoiro.

O alcalde responde que se deu licencia para o perche parical no lado dereito. Precisa que na esquina non ten licencia para o que solicitaron no seu día, cambio de uso do camiño.

4. Decreto de pago de facturas.

En relación con estas cuestións a Sra. García pregunta:

a) En relación cos proxectos e o control das obras, por qué non se fan pola técnico municipal.

O Sr. Alcalde contesta que a técnico no pode asumilo pola carga de traballo que ten con todo unha vez non o teña os fará.

Logo dunha breve discusión en relación con encargos de proxectos feitos cando a Sra.García foi alcaldesa, a Sra.García critica que non se fixera nada en dous anos e todo se fixera nos primeiros meses de 2019.

Logo de discutir en relación coa data na que o Alcalde foi nomeado, piden que conste na acta que o 12.04.2018 comezou o seu mandato e polo tanto non transcorriran dous anos antes da primeira metade de 2019.

Con todo o Alcalde puntualiza que se pagaran todos os proxectos, tanto os contratados por el como por ela.

Logo de discutir sobre a procedencia duns e outros proxectos como o de Nogueira e a xestión feita por un e outro como alcaldes, o Alcalde puntualiza que no caso do local social de Nogueira a petición da subvención a fixera o anterior alcalde e non a Sra. García. E a Sra. García remata sinalando que ela contratara os proxectos para a súa rehabilitación pero non era como quería reparalo Lisardo.

A continuación a Sra. García cita traballos de reparacións feitos sen entenderse o contido dos mesmos e critica que non se concreten

Pola súa banda o Alcalde comenta a situación de aprobación dos proxectos do POS no pasado e critica que non se valorara que nos proxectos pode non subvencionarse a integridade desa obra.

A Sra.García intervén para criticar que se fagan pequenas contratacións como as que fixo o Alcalde sen ningún tipo de control, ao que resposta o Alcalde que pode comprobar que todas elas se fixeron coma no caso das reparacións dos baños dos campos de fútbol.

A continuación a Sra.García puntualiza que os proxectos dela completaban as obras propostas polo Alcalde, que eran melloras a aquelas obras e comenta o caso do local social de Nogueira con 90.000 € a maiores, pero considera que eso non interesaba, e lémbrelle ao Alcadle que os proxectos non son seus nin dela senón do concello.

b) Factura de 28.000 € de Construcciones González, outra de 12.708,39 € e outra de 5.472,80 €

O Alcalde resposta que coida que a primeira é do alcantarillado de Vilariño, pero non o sabe seguro.

En relación coa segunda e terceira facturas ten que consultalo

Discuten sobre a procedencia do decreto de consulta de facturas.

c) Factura da Festa da Irmandade e peche de actividades, pregunta polo coste total.

O Alcalde resposta que non o lembra, pero preicsa que a comida foi gratuíta para os asistentes empadroados no concello. A Sra.García infórmao de que algúns deles non eran empadroados.

d) Factura de accesibilidade a vivenda de M<sup>a</sup> Elsa Castro por 960 €

O Alcalde coida que se trata de traballos feitos polos serivzos sociais e que por este motivo non deben citarse os nomes do interesados.

e) Factura de albalinería dun señor en Cumbraos.

O Alcalde resposta qeu se trata de emerxencia social porque ao veciño ardeulle a casa.

f) Factura do servizo de taxi a un discapacitado de 900 € e 1.200€

O Alcalde resposta que se trata dun servizo dentro dos servizos sociais e que é un servizo para un veciño que o precisa, por renta ou certificado di ter dereito a elo. A Sra.García considera que é moito importe e pregunta se o servizo acabou ao que o Alcalde resposta que acabou e se quere lle dará máis datos en privado.

g) Advertencia da Secretaria sobre execución orzamentaria.

A Sra. García cita as conclusións do informe de secretaria ao expediente nos que recomenda a aprobación do Orzamento de 2020 e a suxección aos trámites de execución orzamentaria. Así mesmo, en relación coa previsión do incumprimento da regra de gasto lembra que xa se incumplira en 2015 o que limitou o investimento e pasará o mesmo en 2020, por iso pide que se controle a execución do orzamento.

En relación con esta cuestión do ano 2015 o Alcalde pide que concrete qué inversións deixaron de facerse.

A Sra. García remata a súa intervención pedindo que se lle pase a información destas facturas e pedirá copia de outras.

#### **CUARTO.- MOCIÓNS**

O Alcalde pregunta se se presentan mocións, ninguén intervén en consecuencia remata o estudo deste punto na orde do día.

#### **QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O Alcalde cede a palabra a Sra. García que formula os seguintes rogos:

1. No tocante ao Orzamento 2020, solicita que se estudien as necesidades reais do Concello indo máis aló dos aglomerados, pide a mellora e regularización dos servizos (cita agricultura, gandería, promoción económica...) e piden que se contén coas súa aportacións.
2. Que se elabore un estudo do mantemento das vías municipais.

A Sra. García logo de citar varias pistas en mal estado, lembra que se trata dunha cuestión xa plantexada con anterioridade.

Citan o caso da finca de Amancio no que o trozo que corresponde a Sobrado está ben e a que transcorre por Vilasantar non

O Sr. López sinala que hai que arreglar na zona que está entre a finca de Amancio e a de Álvarez.

O Alcalde comenta que o resto están incluídas nalgún plan.

A Sra. García comenta que é preciso utilizar mellor os cartos.

O Alcalde resposta que eran necesarias as obras das tajeas que se fixeron nos meses de Outubro e Novembro que é cando choveu non para recabar votos.

A Sra. García precisa os puntos nos que rogan intervención:

a) é preciso que se revisen as que non se botou aglomerado.

b) é preciso un estudo previo en relación co mantemento de tajeas, pontes... e tamén un plan de execución programado.

A continuación iníciase unha discusión entre a Sra. García e o Sr. Ríos sobre cando se poden ou non se poden facer as obras

porque dependen doutros factores como as autorizacións sectoriais.

3. Recuperación da Ordenanza de mantemento de pistas.

A Sra. García comenta que en xaneiro de 2017 había texto desta Ordenanza e non volveu a tocar o tema.

O Sr. Vázquez Bugallo aclara que non se pode pedir cartos por adelantado os maderistas porque os cartos lles veñen da madeira o din eles mesmos.

A Sra. García pregunta cómo se fai noutros concellos.

O Alcalde aclara que na maioría dos Concellos non as aplican porque non teñen forma de controlar aos maderistas, e comenta que en teixeiro non se aplica.

O Sr. López di que entón será mellor non controlar...

O Sr. Vázquez Bugallo apunta que en xeral non se danan as pistas pero se lles pide que gasten os cartos ao que o Sr. Fidalgo respota que no caso de non estropear as pistas se lles devolve o aval.

Intervén o Alcalde para sinalar que os maderistas que traballan de boa fe non precisan Ordenanza e comenta varios casos como Carril en Baio, Irixinova ou Senín ... que tampouco teñen problema.

O Sr. López se pregunta que os maderistas teñen vontade qué problema hai en aprobar a Ordenanza e puntualiza que eles manteñen un bo marxe de beneficio con todo.

O Alcalde precisa que o aval en calquera finca será de mínimo 5.000 € por medidas e pesos, e pola mesma regra os tractores agrícolas deberían pagar tamén polo mesmo.

A Sra. García aclara que a Ordenanza se aplicaríase respecto non só dos maderistas senón doutro tipo de transporte.

O Sr. López denuncia que hai unha persoa do partido popular que o fai.

Discuten sobre si se está refirindo a unha persoa en particular ou en xeral.

Logo desta discusión o Alcalde retira a palabra a Sra. García que segue falando para explicar a súa postura mentres o Sr. López suxire que se quere que os expulse.

4. Mantemento en xeral.

A Sra. García concreta onde considera que é precisa actuación de mantemento: Pasarela da Lagoa, pavimento do centro médico, xardíns da escola taller e xardinería das depuradoras.

5. Participación nos tributos do Estado.

Solicita a documentación sobre este particular respecto da participación nos tributos do Estado pendentes agora e a Secretaria lle contesta que non hai nada pendente.

6. Licencia de Gestán.

A Sra. García pide novamente a licencia, e a secretaria lle comenta que a enviarán por email.

A Sra. García formula as seguintes preguntas:

1. Respecto das facturas, sorpréndelle que non conste proxecto e os conceptos sexan tan xenéricos. Comenta que o peor é que os importes son de máis de 500.000 €, cita algúns deles para coñecer os conceptos:

Excavaciones Roberto por 46.000 € e 12.000 €, cunetas en Roade, limpeza de cunetas Candal, aumento de pistas con bloques, Candal mellora camiño Lago e Cepo e reparacións a maiores, mellora de camiños en Folgoso, Ciadella e Cumbras e reparacións a maiores, afirmado aglomerado Sobrado, pistas en Grixalba, entrada en finca en Sobrado, respecto desta o Alcalde aclara que é dunha rapaza de Gundeí que vai por servizos sociais, camiño de Viladomonte e pluviais de Viladomonte, transporte de zorra varios traballos sin albarán de entrega, reparación de vehículos fora do Concello ao que o Alcalde respoñe que hai reparacións que teñen que ir á casa e a publicidade de "caminando entre olas".

O alcalde aclara que él conformou as facturas e logo de discutir sobre a información relacionada nas facturas o alcalde remata indicando que lle contestará por escrito.

A continuación discuten sobre se a secretaria pode informar o alcalde di que non vai contestar agora.

A Sra. García remata indicando que pedirá copia das facturas.

2. En relación con Gestán a Sra. García quería saber a contestación escrita da Xunta e o Alcalde lle responde que non contestaron.

Pregunta qué cantidade de rechazos se traen, ao que o Alcalde contesta que como non lle contestaron non o sabe e que llo digan aos seus amigos da Xunta para que o axilicen.

Pregunta a qué distancia están os residuos do camiño de Santiago, o alcalde contesta que non sabe.

Pregunta que perxuízos se producen aos veciños das parroquias, o Alcalde contesta que están pendente do informe da Xunta. Continúa dicindo que persoalmente descoñece se os veciños lles ule

Pregunta por qué se producen incendios ou vapor, ao que o Alcalde contesta que non é técnico, e a Sra. García suxírelle que pida asesoramento sobre isto.

Pregunta en qué trámite se atopa o novo vaso, o Alcalde indica que non o sabe pero lle contestará por escrito, e a Sra. García lle critica que dende o último pleno non o saiba.

Pregunta sobre a capacidade, cando empezaron as novas obras, cuanto cobrará polos rechazos... a esto último o Alcalde lle critica que pregunte cosas incoherentes como o prezo que cobrará a empresa, e

a Sra. García lle contesta que é fácil calculalo se se saben os datos do proxecto e o prezo existente.

Pregunta cuántos postos de traballo novos hai para veciños dende que o Concello de Coruña trae os refugallos

A continuación a Sra. García comenta que quere aclarar algo pero que non é unha pregunta ao que o Alcalde lle resposta que non pode intervir si non é unha pregunta.

Discuten sobre a procedencia ou non de facer alocución neste momento... remata o Alcalde informándoa de que poderá facelo logo de rematar o pleno.

A Sra. García remata facendo dúas preguntas máis

Pregunta cal é a xustificación de que se permita traer os residuos a este Concello e cal é a ventaxa de traer o que ningún Concello quere.

3. En relación cos lodos.

Pregunta se remato a investigación sobre os lodos e as súas conclusións.

Pregunta cuántos pozos existían, cantos hai agora, están construídos en condicións que marca a lei, a súa afección a ríos e acuíferos... precisa que fai 3 meses que o preguntou e todavía non obtivo resposta.

Pregunta de que son eses pozos, se o Sr. Veiga ten relación con este tema como dixo a prensa, e sen ten licencia municipal.

4. En relación cos gastos das festas de Sobrado.

Pregunta en relación coa factura de Louband de 1.300 €, se o concello colabora ademais de coa banda que subvenciona a deputación.

5. Aceras na entrada de Sobrado dirección Friol o Alcalde resposta que as fixo o concello.

E solicitáronse autorizacións a carreteras e patrimonio.

6. Edificio do mercado

Pregunta se ten todos os servizos e autorizacións, pregunta por qué se colle a luz doutro sitio.

7. Pregunta se o concello sinaliza a empresas particulares.

8. Pregunta sobre o importe do remanente de tesourería hoxe.

9. Subvención do xacobeo de promoción turística.



O Alcalde resposta que son os porxectos da Lagoa e realizadae aumentada. O Alcalde lle lembra que está nos decretos e xa a ten contestada.

Volven a discutir.

10. Licencia de Jose Antonio Veiga.

A Sra. García comenta que soubo pola prensa que foi absolto pola denuncia formulada por ela sobre este asunto.

Pide a licencia da obra da granxa, ao que o Alcalde lle responde que a ten no expediente xa que foi a fiscalía.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20.40 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE*